

## 3.2. industria

A análise do sector industrial en Galicia está dividido en cinco partes ben diferenciadas. Tras unha primeira aproximación ó sector industrial dende un punto de vista xeral, onde se comentan aspectos como a poboación ocupada no sector industrial a partir dos datos da Enquisa de Poboación Ocupada, o peso do sector industrial galego no total estatal segundo as variables económicas recollidas na *Encuesta Industrial de Empresas*, o Índice de Producción Industrial de Galicia ou os indicadores empresariais analizados polo Ardán, o capítulo presenta un apartado para cada un dos grandes subsectores industriais: o subsector enerxético, o de bens de equipamento, os bens intermedios e os bens de consumo.

**A poboación ocupada** no sector industrial acadou no ano 2000 os 175,5 miles de persoas, un 3,8% (6,5 miles de persoas) superior ó existente no ano anterior, tal e como se deduce do **adro C.3.2.** (*Poboación ocupada 1999-00:*

*distribución por ramas de actividade*). As ramas de actividade más importantes polo seu número de ocupados son as de fabricación de material de transporte, con 32,8 miles de persoas, e as industrias de productos alimenticios, bebidas e tabaco, con 30,2 miles de traballadores, seguidas das industrias do téxtil, coiro, calzado e confeccións téxtils, con 23,3 miles de persoas.

Comparado co ano anterior, no ano 2000 aumenta o total de ocupados en tódalas ramas industriais agás nas “industrias da madeira e cortiza” (3,1 miles de ocupados menos) e nas industrias de “fabricación de productos metálicos. Construcción de máquinas e material mecánico”, con 1,0 miles de ocupados menos. Pola contra, as ramas de actividade que experimentan un maior crecemento do emprego son as correspondentes ás industrias de papel, artes gráficas e edición e reproducción de soportes gravados.

Segundo a *Encuesta industrial anual de empresas* do INE, os ingresos de explotación da

**CADRO 3.2.1.**

**Principais variables económicas da industria 1999**

	Cifra de negocios	Ingresos de explotación	Variación de existencias	Total consumos	Gastos de persoal	Gastos de explotación
(en millóns de pesetas)						
<b>Andalucía</b>	5.122.104	5.214.302	54.894	3.315.845	752.554	4.965.820
<b>Aragón</b>	2.593.982	2.624.114	-895	1.623.647	374.361	2.416.615
<b>Asturias</b>	1.332.293	1.390.325	-6.421	755.810	267.516	1.312.031
<b>Baleares</b>	409.438	416.432	261	204.456	82.719	361.347
<b>Canarias</b>	812.443	825.871	-1.153	426.277	130.196	718.723
<b>Cantabria</b>	741.249	752.809	625	400.038	135.929	682.520
<b>Castela - A Mancha</b>	2.349.690	2.395.950	13.826	1.516.398	321.107	2.214.615
<b>Castela e León</b>	3.898.327	3.948.490	833	2.454.868	556.093	3.629.904
<b>Cataluña</b>	16.363.625	16.636.756	52.935	9.670.688	2.684.809	15.400.985
<b>C. Valenciana</b>	6.760.069	6.830.916	28.592	4.094.547	1.067.358	6.317.143
<b>Extremadura</b>	419.723	431.703	10.113	273.275	64.011	404.491
<b>Galicia</b>	3.813.467	3.886.614	-5.636	2.448.489	490.743	3.553.068
<b>Madrid</b>	8.178.364	8.321.306	12.424	4.793.802	1.321.258	7.610.744
<b>Murcia</b>	1.323.116	1.352.830	10.266	857.358	187.610	1.253.559
<b>Navarra</b>	1.795.610	1.821.248	5.316	1.123.676	277.132	1.691.329
<b>País Vasco</b>	5.625.436	5.698.006	46.512	3.279.428	1.007.475	5.281.006
<b>La Rioja</b>	651.872	659.754	1.845	390.481	100.007	599.410
<b>Total industria</b>	62.190.808	63.207.426	224.337	37.629.083	9.820.878	58.413.310

Fonte: INE , Encuesta Industrial Anual de Empresas

**CADRO 3.2.2.**

**Principais variables económicas da industria galega 1998-99: distribución segundo actividade económica**

	1998					
	Cifra de negocios	Ingresos de explotación	Variación existencias	Total consumo	Gastos persoal	Gastos de explotación
(en millóns de pesetas)						
<b>Industrias extractivas, enerxía e auga</b>	470.017	483.545	-832	230.666	55.789	387.771
<b>Alimentación, bebidas e tabaco</b>	681.788	688.060	8.542	488.561	65.315	658.867
<b>Industria téxtil, confección, coiro e calzado</b>	185.031	187.199	1.217	111.152	38.626	170.911
<b>Madeira e corcho</b>	199.713	201.892	2.163	130.468	26.062	185.714
<b>Papel, edición, artes gráficas</b>	71.975	74.441	-49	32.780	17.452	69.079
<b>Industria química</b>	85.736	86.719	545	47.704	11.766	80.123
<b>Caucho e materias plásticas</b>	77.256	78.121	-87	47.676	12.357	73.163
<b>Productos minerais non metálicos diversos</b>	139.987	140.806	76	65.280	33.261	129.675
<b>Metalurxia e fabricación de prod. metálicos</b>	270.173	273.072	392	143.896	53.610	253.361
<b>Maquinaria e equipo mecánico</b>	71.500	71.961	717	39.723	20.135	68.881
<b>Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico</b>	87.962	88.668	2.856	51.076	15.533	78.096
<b>Material de transporte</b>	876.800	913.883	10.467	667.207	111.066	913.884
<b>Industrias manufactureiras diversas</b>	46.224	46.406	361	24.450	12.378	42.815
<b>Total industrial</b>	3.264.161	3.334.772	26.368	2.080.642	473.351	3.112.341
	1999					
	Cifra de negocios	Ingresos de explotación	Variación existencias	Total consumo	Gastos persoal	Gastos de explotación
(en millóns de pesetas)						
<b>Industrias extractivas, enerxía e auga</b>	712.241	727.948	1.152	415.458	52.240	594.524
<b>Alimentación, bebidas e tabaco</b>	652.045	657.498	-1.701	459.051	66.367	620.802
<b>Industria téxtil, confección, coiro e calzado</b>	187.230	189.148	2.761	114.830	36.803	172.641
<b>Madeira e corcho</b>	201.184	203.351	827	128.143	26.610	186.688
<b>Papel, edición, artes gráficas</b>	99.876	101.480	3	45.885	19.143	89.733
<b>Industria química</b>	94.977	96.002	481	51.457	14.787	89.830
<b>Caucho e materias plásticas</b>	89.547	90.397	498	58.444	13.405	86.243
<b>Productos minerais non metálicos diversos</b>	177.084	178.421	244	98.586	34.859	166.795
<b>Metalurxia e fabricación de prod. metálicos</b>	322.902	328.057	-1.734	174.227	56.894	290.842
<b>Maquinaria e equipo mecánico</b>	86.220	86.711	110	52.741	20.057	82.115
<b>Material e equipo eléctrico, electrónico e óptico</b>	97.797	99.126	-1.136	56.546	17.004	87.106
<b>Material de transporte</b>	1.042.642	1.078.544	-6.921	765.265	121.250	1.040.220
<b>Industrias manufactureiras diversas</b>	49.722	49.931	-219	27.856	11.325	45.528
<b>Total industrial</b>	3.813.467	3.886.614	-5.636	2.448.489	490.743	3.553.068

Fonte: INE , Encuesta Industrial Anual de Empresas

industria galega no ano 1999 ascendeu a 3.886.614 millóns de pesetas (o 6,1% do total estatal), un 16,5% máis que o rexistrado no ano anterior. Comparado co resto das comunidades autónomas, **cadro 3.2.1.**, Galicia é a séptima comunidade autónoma, por detrás de Andalucía, Castela e León, Cataluña, C. Valenciana, Madrid e o País Vasco.

Atendendo ás diferentes actividades económicas, **cadro 3.2.2.**, o “material de transporte”, con 1.078.544 millóns de pesetas, é a actividade máis importante, acollendo máis da cuarta parte dos ingresos de explotación da industria galega no ano 1999. Séguelle en importancia as actividades de “industrias extractivas, enerxía e auga”, con 727.948 millóns de pesetas, e a de “alimentación, bebidas e tabaco”, con 657.498 millóns de pesetas. Comparado co ano anterior, salienta o forte crecemento experimentado polos ingresos de explotación das “industrias extractivas, enerxía e auga”, que medran un 50%.

Os gastos de persoal da industria galega medraron un 3,7% respecto ó ano anterior, para acada-las 490.743 millóns de pesetas (o 5% do total estatal). Como no caso anterior, Galicia é a séptima comunidade co maior volume de gastos de persoal.

Entre as diferentes actividades económicas, as actividades de material de transporte son as que presentan o maior volume de gastos de persoal, 121.250 millóns de pesetas (o 24,7% do total dos gastos de persoal da industria galega), seguida das actividades de alimentación, bebidas e tabaco, con 66.367 millóns de pesetas e de metalurxia e fabricación de produtos metálicos, con 56.894 millóns de pesetas.

A *Encuesta Industrial de Empresas* recolle, a diferenzia do acontecido coa EPA, un descenso da poboación ocupada no sector industrial no ano 1999. Frente ó crecemento de 6,5 miles de persoas segundo a enquisa de poboación activa (un 4,0% máis que no ano 1998), a *Encuesta Industrial de Empresas* recolle un descenso da poboación industrial de 3.943 persoas, ata acada-las 149.885 persoas ocupadas.

Atendendo ó *Índice de Producción Industrial de Galicia* (IPIGA), que trata de reproducir la evolución da industria en termos reais, no ano 2000 prodúcese un pulso de reactivación industrial importante, como reflicte o feito de que a taxa de crecemento industrial entre os anos 1999 e 2000 foi do 11,8% fronte ó 1,8% do ano precedente.

Atendendo ás diferentes ramas de actividade, o **cadro C.3.20.** (*Índice de Producción Industrial de Galicia 1998-00*) amosa o importante crecemento da “industria de transformación de metais. Mecánica de precisión”, que medra un 25,4% respecto ó ano 1999, e a relativa á industria química e á extracción de minerais non enerxéticos, que medra un 13,4% (cando entre os anos 1998 e 1999 a taxa de crecemento foi do -9,7%).

Segundo o destino económico, o índice xeral, sen contar co sector enerxético, medra un 11,3%. Os bens intermedios son os que presentan a maior taxa de crecemento, cun 13,9%, superando á industria de bens de consumo e bens de equipamento, con 9,2% e 8,2%, respectivamente.

Finalmente, tendo en consideración os criterios de selección considerados polo Ardán, o sector industrial galego (sen considerar as industrias relacionadas co sector primario, analizadas no apartado anterior) está formado por 2.815 empresas, que supoñen o 26,6% do total das empresas seleccionadas para o conxunto de Galicia. Estas empresas xeraron un VEB a custo de factores de 483.565,1 millóns de pesetas en 1999, o 41,4% do total xerado polas empresas galegas consideradas, sendo o seu emprego medio de 33 traballadores por empresa segundo os datos por elas mesmas facilitados.

O **cadro C.3.4.** (*Sectores productivos 1999*) reflicte os catro grandes grupos nos que se divide este sector: industria enerxética, industria de bens de equipamento, de bens intermedios e de bens de consumo. O subsector máis importante, atendendo ás variables consideradas no devandito **cadro C.3.4.**, é o de bens de equipa-

**CADRO 3.2.3.****Evolución da actividade no sector industrial 1998-99: ingresos, custos e resultados**

	1998 (en millóns de pesetas)	%	1999 (en millóns de pesetas)	%	99/98 %
<b>Ingresos de explotación</b>	2.347.785,26	100,00	2.706.505,10	100,00	15,28
Consumo e outros gastos de explotación	1.918.153,51	81,70	2.222.940,01	82,13	15,89
Valor engadido bruto a custo dos factores	429.631,75	18,30	483.565,10	17,87	12,55
Gastos de persoal	252.883,75	10,77	284.073,66	10,50	12,33
Resultado económico bruto da explotación	176.747,99	7,53	199.491,44	7,37	12,87
Amortizacións	66.409,68	2,83	72.651,55	2,68	9,40
Resultado económico neto da explotación	110.338,31	4,70	126.839,89	4,69	14,96
Resultado financeiro	-3.768,64	-0,16	-4.971,42	-0,18	-31,92
Ingresos financeiros	20.255,84	0,86	19.827,87	0,73	-2,11
Gastos financeiros	24.024,48	1,02	24.799,29	0,92	3,23
Resultado de actividades ordinarias	106.569,68	4,54	121.868,48	4,50	14,36
Resultado de actividades extraordinarias	-3.976,34	-0,17	2.242,27	0,08	156,39
Resultado antes de impostos	102.593,34	4,37	124.110,75	4,59	20,97
Impostos	31.088,29	1,32	35.669,91	1,32	14,74
Resultado neto do exercicio	71.505,05	3,05	88.440,84	3,27	23,68
Cash-flow	136.901,47	5,83	157.784,71	5,83	15,25

Fonte: Ardán

**CADRO 3.2.4.****Evolución do investimento e do financiamento no sector industrial 1998-99**

	1998 (en millóns de pesetas)	%	1999 (en millóns de pesetas)	%	99/98 %
<b>Activo total</b>	1.420.721,76	100,00	1.665.686,64	100,00	17,24
<b>Activo fixo (neto)</b>	566.993,65	39,91	672.813,77	40,39	18,66
Gastos amortizables	8.855,06	0,62	10.253,08	0,62	15,79
Inmobilitizado inmaterial	40.186,49	2,83	52.526,70	3,15	30,71
Inmobilitizado material	410.454,50	28,89	453.607,84	27,23	10,51
Outro inmobilitizado	107.043,25	7,53	156.092,64	9,37	45,82
Outro activo fixo	454,36	0,03	333,51	0,02	-26,60
<b>Circulante neto</b>	853.728,11	60,09	992.872,87	59,61	16,30
Existencias	265.254,08	18,67	275.109,28	16,52	3,72
Debedores	414.156,28	29,15	485.513,73	29,15	17,23
Tesourería	53.567,09	3,77	60.061,34	3,61	12,12
Outro activo circulante	120.750,66	8,50	172.188,52	10,34	42,60
<b>Fuentes de financiamento</b>	1.420.721,76	100,00	1.665.686,64	100,00	17,24
<b>Financiamento permanente</b>	724.322,22	50,98	838.018,90	50,31	15,70
Fondos propios	539.566,01	37,98	611.255,18	36,70	13,29
Recursos alleos I/p	169.417,74	11,92	209.979,90	12,61	23,94
Ingresos distribuídos en varios exercicios	15.338,47	1,08	16.783,81	1,01	9,42
<b>Acreedores a curto plazo</b>	696.399,54	49,02	827.667,74	49,69	18,85
<b>Fondo de rotación</b>	157.328,57	11,07	165.205,13	9,92	5,01

Fonte: Ardán

mento, que acolle un total de 1.267 empresas (o 45% das empresas industrias consideradas no estudio do Ardán) e que xeran o 55,4% do total dos ingresos de explotación e o 47% do valor engadido bruto a custo de factores do sector industrial.

Vigo, por mor do papel das industrias relacionadas coa automoción, é o principal núcleo de

localización das empresas segundo o VEB xerado, con 147.715,5 millóns de pesetas, un 12,6% máis que no ano anterior. O VEB xerado polas empresas de automoción en Vigo ascendeu en 1999 a 109.862,9 millóns de pesetas, o que representa o 74,4% do VEB xerado neste municipio.

Séguelle en importancia Arteixo, cun VEB xerado de 84.332,4 millóns de pesetas, dos que

o 90,8% é aportado polas empresas do sector téxtil (76.585,2 millóns de pesetas). Destaca tamén, **cadro C.3.24.** (*Sector industrial 1998-99: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB*), o caso de Narón, onde as empresas englobadas dentro da industria auxiliar aportan o 87,8% (12.013,9 millóns de pesetas) do VEB total xerado neste municipio (13.681,6 millóns de pesetas).

A conta de explotación agregada das empresas do sector industrial amosa que no ano 1999 as empresas do sector industrial, consideradas no seu conxunto, presentaron un crecemento do seu resultado neto do exercicio do 23,7% para situarse nos 88.440,8 millóns de pesetas (**cadro 3.2.3.**). Asemade, amosa que o resultado antes de impostos medrou un 21%, ascendendo a 124.110,8 millóns de pesetas, e que o resultado de actividades ordinarias medrou un 14,4% para situarse en 121.868,5 millóns de pesetas.

O crecemento do VEB no ano 1999 foi do 12,6%, 2,7 puntos menos do que o fan os ingresos de explotación, polo que o peso relativo do VEB descende dende o 18,3% de 1998 ata o 17,9% do ano 1999. Asemade, o devandito cadro reflicte un descenso do resultado financeiro (-31,9%), xa que os ingresos financeiros descendean un 2,1% e os gastos se incrementan un 3,2% respecto ó ano anterior.

En relación ó estudio do balance agregado das empresas deste sector, o **cadro 3.2.4.** amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 16,6% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 165.205,1 millóns de pesetas, un 5% superior ó existente o ano anterior. O 83,4% restante está finanziado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 50,3% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 13,3% respecto ó ano anterior, supoñen o 36,7% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 23,9%, cun peso relativo do 12,6% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 1.665.686,6 millóns de pesetas, un 17,2% superior ó valor de 1998, dos que 672.813,8 millóns de pesetas corresponden ó activo fixo neto (un 18,7% superior respecto ó ano anterior). Os 992.872,9 millóns de pesetas restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 16,3% en relación a 1998.


No que ó estudio económico e financeiro se refire, o **cadro C.3.23.** (*Sector industrial 1998-99: estudio económico-financeiro. Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación*) reflicte unha desaceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, un crecemento respecto ós ingresos do VEB, unha medra do peso relativo dos gastos de persoal e unha reducción da carga financeira. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é lixeiramente superior (0,4 puntos porcentuais), e no caso da evolución do VEB sobre os ingresos é 5,0 puntos porcentuais inferior.

As rendibilidades económica e financeira antes de impostos descenden no ano 1999. A primeira por mor da evolución seguida pola marxe de actividade, e a segunda pola evolución seguida pola rendibilidade económica, xa que o custo da débeda descende neste ano. A pesares destes descensos, o devandito **cadro 3.2.4.** amosa que as rendibilidades económica e financeira son superiores ás rexistradas polas 10.572 empresas galegas analizadas por Ardán, consideradas no seu conxunto.

## Enerxía

No concernente á xeración eléctrica bruta no ano 2000 salienta, tal e como reflicte o **gráfico 3.2.1.**, o predominio da produción termoeléctrica (productos petrolíferos e combustibles sólidos), seguido da produción hidráulica (27%) e da coixeración (productos petrolíferos, gas natural, residuos e enerxías residuais), co 10%.

A partires dos datos facilitados polo Instituto Enerxético de Galicia, o Ministerio de

**GRÁFICO 3.2.1.**

Fonte: Xunta de Galicia, Instituto Enerxético de Galicia

**CADRO 3.2.5.****Producción bruta e dispoñible de electricidade 1999-00 <sup>(1)</sup>**

	Bruta			Disponible		
	Hidroeléctrica		00/99	Hidroeléctrica		00/99
	1999	2000		(en mWh.)	%	
A Coruña	1.263.546	1.180.517	-6,57	1.230.119	1.155.313	-6,08
Lugo	1.416.390	1.743.014	23,06	1.402.666	1.727.554	23,16
Ourense	3.976.543	4.798.229	20,66	3.703.468	4.428.320	19,57
Pontevedra	144.004	188.059	30,59	142.687	185.892	30,28
<b>Total</b>	<b>6.800.483</b>	<b>7.909.819</b>	<b>16,31</b>	<b>6.478.940</b>	<b>7.497.079</b>	<b>15,71</b>
<b>Total España</b>	<b>27.837.998</b>	<b>32.070.502</b>	<b>15,20</b>	<b>23.868.667</b>	<b>26.877.662</b>	<b>12,61</b>
Termoeléctrica			Termoeléctrica			
	1999		00/99	1999		00/99
	(en mWh.)			(en mWh.)		
	%	%	%	%	%	%
A Coruña	15.374.254	16.333.694	6,24	14.626.542	15.550.311	6,32
Lugo	-	37.329	-	-	36.636	-
Ourense	116.298	132.203	13,68	112.468	127.038	12,95
Pontevedra	227.315	261.517	15,05	174.739	206.430	18,14
<b>Total</b>	<b>15.717.867</b>	<b>16.764.743</b>	<b>6,66</b>	<b>14.913.749</b>	<b>15.920.415</b>	<b>6,75</b>
<b>Total España</b>	<b>170.439.550</b>	<b>180.037.020</b>	<b>5,63</b>	<b>161.864.303</b>	<b>170.351.316</b>	<b>5,24</b>
Total			Total			
	1999		00/99	1999		00/99
	(en mWh.)			(en mWh.)		
	%	%	%	%	%	%
A Coruña	16.637.800	17.514.211	5,27	15.856.661	16.705.624	5,35
Lugo	1.416.390	1.780.343	25,70	1.402.666	1.764.190	25,77
Ourense	4.092.841	4.930.432	20,46	3.815.936	4.555.358	19,38
Pontevedra	371.319	449.576	21,08	317.426	392.322	23,59
<b>Total</b>	<b>22.518.350</b>	<b>24.674.562</b>	<b>9,58</b>	<b>21.392.689</b>	<b>23.417.494</b>	<b>9,46</b>
<b>Total España</b>	<b>198.277.548</b>	<b>212.107.522</b>	<b>6,98</b>	<b>185.732.970</b>	<b>197.228.978</b>	<b>6,19</b>

(1) producción das centrais de 1000 Kw. ou máis  
Fonte: Ministerio de Industria y Energía

**CADRO 3.2.6.**

**Demanda de electricidade por zonas xeográficas 1999-00**

	1999 (en millóns de Kwh)	2000 (en millóns de Kwh)	00/99 %
<b>Catalana</b>	31.182	32.788	5,2
<b>Centro-Levante</b>	49.088	51.869	5,7
<b>Centro-Norte</b>	25.657	24.636	-4,0
<b>Noroeste</b>	24.107	26.921	11,7
<b>Aragonesa</b>	4.521	4.606	1,9
<b>Andaluza</b>	25.537	27.557	7,9
<b>Peninsular</b>	160.092	168.377	5,2
<b>Extrapeninsular</b>	9.341	10.117	8,3
<b>Total</b>	169.433	178.494	5,3

Fonte: UNESA

**CADRO 3.2.7.**

**Índice de enerxía eléctrica distribuída 1999-00 (1)**

	Vivendas (1990=100)	Industria	Total
<b>1999</b>	194,3	116,4	134,0
<b>2000</b>	208,7	119,3	139,8
<b>00/99 (%)</b>	7,4	2,5	4,3

(1) índice mensual

Fonte: IGE

Industria y Energía, UNESA, o IGE, o Instituto Enerxético de Galicia (INEGA), a Consellería de Industria, Unión Fenosa, Gas Galicia e Ardán, o presente apartado analiza a situación da enerxía eléctrica e a coixeración, as enerxías renovables, o gas natural, os productos petrolíferos, e finalmente, a situación do sector enerxético como sector productivo.

**• A enerxía eléctrica**

A produción bruta de electricidade en Galicia medrou no ano 2000 un 9,6% respecto ó ano anterior, ó contrario da evolución experimentado en 1999, cando descendera un 1,5%. No conxunto do estado, o crecemento da produción eléctrica foi do 7%. O **cadro 3.2.5.** amosa que este crecemento está motivado pola evolución da produción hidroeléctrica, que aumenta un 16,3% para situarse nos 7.909,8 millóns de Kwh., e polo crecemento da produción termoeléctrica (6,7%). Dada esta evolución, o peso relativo da produción bruta de electricidade galega no total español aumentou do 11,4% do ano 1999 ata o 11,6% do ano 2000.

No caso da produción termoeléctrica e hidroeléctrica, os seus pesos relativos no total español no ano 2000 son, respectivamente, do 9,3% e do 24,74%.

O devandito **cadro 3.2.5.** reflicte tamén o predominio en Galicia da produción termoeléctrica fronte á hidroeléctrica. Así, a produción termoeléctrica representou no ano 2000 o 67,9% (68,8% o ano anterior) da produción eléctrica de Galicia, fronte ó 32,1% da produción hidroeléctrica (30,2% en 1999).

A provincia de A Coruña acolle ó 71% da produción eléctrica total galega do ano 2000, seguida de Ourense co 20%. En A Coruña salienta a importancia da produción termoeléctrica –o 97,4% do total da produción termoeléctrica de Galicia–, en tanto que no caso da produción hidroeléctrica, a provincia de Ourense acolle o 60,7% da produción hidroeléctrica galega.

Pola banda da demanda de electricidade, o **cadro 3.2.6.** reflicte que a zona noroeste deman-

**CADRO 3.2.8.****Plantas de coxeneración en funcionamento 1999-00 (1)**

	Plantas	1999		2000		00/99
		Potencia nominal (en Kw)	Plantas	Potencia nominal (en Kw)	%	
A Coruña	42	328.789	50	366.182	11,4	
Lugo	6	22.155	11	34.190	54,3	
Ourense	5	25.910	6	32.336	24,8	
Pontevedra	18	72.606	19	75.020	3,3	
<b>Total</b>	<b>71</b>	<b>449.460</b>	<b>86</b>	<b>507.728</b>	<b>13,0</b>	

(1) datos a 31 de decembro de cada ano  
Fonte: Consellería de Industria

**CADRO 3.2.9.****Tempo de interrupción equivalente á producción instalada 1999-00**

Área	Xaneiro-Outubro 99		Xaneiro-Outubro 00	00/99
		(en minutos)		
<b>Urbana</b>	40,5		32,1	-20,7
<b>Semiurbana</b>	85,3		54,3	-36,3
<b>Rural</b>	179,5		141,5	-21,2
<b>Total</b>	<b>120,1</b>		<b>91,2</b>	<b>-24,1</b>

	Xaneiro-Decembro 99		Xaneiro-Decembro 00	00/99
		(en minutos)		
<b>Urbana</b>	48,8		52,9	8,4
<b>Semiurbana</b>	98,9		138,4	39,9
<b>Rural</b>	245,3		385,4	57,1
<b>Total</b>	<b>158,2</b>		<b>237,1</b>	<b>49,9</b>

Fonte: Unión Fenosa

dou no ano 2000 un total de 26.921 millóns de kWh, un 11,7% máis que o demandado no mesmo período do ano anterior. Comparado coas outras zonas de España, a zona noroeste consume o 15,1% do total estatal, fronte o 14,2% do ano anterior.

Respecto ó consumo eléctrico por comunidades autónomas, Galicia é a sexta comunidade con maior consumo, co 7,5% do consumo total, por detrás de Cataluña (18,9%), Andalucía (13,5%), Madrid (11,4%), a C. Valenciana (9,7%) e o País Vasco (8,2%).

No concernente á distribución da enerxía eléctrica entre vivendas e industrias, o **cadro 3.2.7.** amosa o aumento do consumo de enerxía eléctrica tanto no caso das vivendas (7,4% respecto ó ano anterior) como no caso da industria (2,5%).

Outra forma de obter enerxía eléctrica é a

chamada **coxeneración**, que consiste na transformación da enerxía desprendida nos procesos productivos das propias empresas. En Galicia funcionan un total de 86 plantas de coxeneración (**cadro 3.2.8.**), cunha potencia nominal de 507.728 Kw (un 13% máis que no ano precedente). O maior número de plantas e a produción máis importante corresponde á provincia de A Coruña: en termos porcentuais, as 50 empresas emprazadas nesa provincia aportan o 72,1% do total producido en Galicia.

Un último aspecto a ter en conta á hora da análise da enerxía eléctrica é o referente á sua calidade de subministración medida a través do TIEPI (Tempo de Interrupción Equivalente á Potencia Instalada). O **cadro 3.2.9.** presenta unha separación en dous períodos –xaneiro-outubro e outubro-decembro– para resalta-la incidencia dos temporais que azoutaron Galicia nos últimos meses do ano 2000, e que incidiron en que o resultado do ano 2000 fóra superior ó

**CADRO 3.2.10.**

**Situación das enerxías renovables de Galicia: 1999-00**

	1999 (1)			2000 (2)		
	Potencia instalada (MW)	Producción eléctrica (Ktep)	Producción térmica	Potencia instalada (MW)	Producción eléctrica (Ktep)	Producción térmica
Hidráulica	2.759	526	-	2.803	614	-
Minihidráulica	115	32	-	137	43	-
Eólica	487	64	-	617	113	-
Biomasa	40	8	275	33	5	153
Solar	0,1	0,012	-	0,1	-	-
<b>Total</b>	<b>3.401</b>	<b>630</b>	<b>275</b>	<b>3.590</b>	<b>776</b>	<b>153</b>

(1) datos provisionais

(2) datos referidos a 31-12-2000

Fonte: Xunta de Galicia, Instituto Enerxético de Galicia e Libro branco da enerxía de Galicia, setembro 2000

do ano anterior, cando os resultados dos nove primeiros meses do ano reflicten unha importante mellora.

O TIEPI total no ano 2000 ascendeu a 237,1 minutos (158,2 minutos no ano anterior), cando nos nove primeiros meses fóra de 91,2 minutos (120,1 minutos en 1999). No medio rural o TIEPI acadou os 385,4 minutos, fronte ós 138,4 minutos do medio semiurbano ou os 52,9 minutos do medio urbano.

#### • **Enerxías renovables**

En relación ás enerxías renovables, a potencia instalada no ano 2000 ascendeu a 3.590Mw, un 5,6% máis que a potencia instalada no ano precedente. A produción eléctrica foi de 776 miles de toneladas equivalentes de petróleo (Ktep) e a produción térmica de 153Ktep, mentres que no ano anterior a produción eléctrica foi de 630Ktep e a térmica de 275Ktep.

A enerxía renovable con maior potencia instalada é a **hidráulica**, con 2.803Mw (un 1,6% máis que en 1999), o que representa o 78,1% do total da potencia instalada neste tipo de enerxías e o 43,2% da potencia instalada coa totalidade de fontes de enerxía (6.489Mw). A produción eléctrica foi de 614Ktep, que supón o 79,1% da produción eléctrica xerada polas enerxías renovables.

A potencia instalada das centrais minihidráulicas instaladas en Galicia no ano 2000 foi

de 137Mw (22 máis que no ano anterior), o que representa o 3,8% da potencia instalada na totalidade de enerxías renovables. A achega da enerxía producida nestas centrais ó balance enerxético galego acadou no ano 2000 as 43ktep, fronte ás 32ktep do ano anterior.

No caso da enerxía **eólica**, os datos do **cadro 3.2.10.** reflecten o desenvolvemento desta fonte enerxética nos últimos anos. A potencia instalada en Galicia nos parques eólicos ascendeu a 617Mw, o que supón un crecemento do 26,7% respecto á potencia instalada no ano 1999. Comparado co total da potencia instalada coa totalidade de fontes de enerxía renovable, os parques eólicos acollen o 17,2% da potencia instalada, e o 1,5% da potencia total instalada en Galicia.

En Galicia había a 30 de xulio do 2001 un total de 24 parques eólicos en funcionamento, que xeraban unha potencia de 722,35Mw, sendo os mais importantes os parques eólicos da Serra de Canda e de Paxareiras II, cunha potencia de 64,20Mw e 64,02Mw, respectivamente. Xunto a estes parques en funcionamento, nesa data había un total de 9 parques eólicos en construción, que terán unha potencia instalada de 405,05Mw, salientando os parques de Monte Festeiros e Faladoira, que terán unha potencia de case 100Mw cada un deles.

Finalmente, a **biomasa** aportou unha potencia instalada de 33Mw (sete menos que no ano anterior), unha produción eléctrica de 5ktep e unha produción térmica de 153ktep.

**CADRO 3.2.11.***Principais magnitudes económicas de Gas Galicia 1999-00*

	1999	2000
Concellos con concesión administrativas	38	38
Número de usuarios	37.501	57.604
	(millóns de Tm.)	
Vendas de gas		
Mercado doméstico-comercial	203,8	325,7
Mercado industrial	53,1	238,1
	(millóns de pesetas)	
Ingresos por vendas de gas	1.371,1	3.170,9
	(kms)	
Lonxitude de redes		
Rede Media Presión "A"	399,0	582,7
Rede Media Presión "B"	224,5	328,9
	(millóns de pesetas)	
Inmobiliizado Material Bruto	8.844,9	13.343,8
	(persoas)	
Persoal medio	57	65

Fonte: *Gas Galicia***• Gas natural**

O número de clientes e usuarios da rede de gas galega (incluíndo os datos de Gas Galicia sdg S.A. e Gas Natural La Coruña, S.A.) ascendeu a 70.892, dos que o 46,3% (32.799 clientes e usuarios) pertencen á provincia de A Coruña, e un 25,3% (17.934 usuarios) a Pontevedra. Lugo e Ourense acollen a 10.976 e 9.183 clientes e usuarios, respectivamente (o 15,5% e 13%).

En relación á lonxitude da rede de gas galega, esta foi de 653.027 metros, dos que 263.833 metros (40,5%) corresponden á provincia de A Coruña, 182.814 metros (28%) a Pontevedra, e 125.876 metros (19,3%) a Lugo e 79.505 metros (12,2%) a Ourense.

Ó finaliza-lo ano de 2000, o número de municipios con concesión administrativa era de 38 –14 en A Coruña, 2 en Lugo, 4 en Ourense e 18 en Pontevedra– ascendendo o número de usuarios a 57.604. A lonxitude da rede de transporte e distribución de gas natural en Galicia no ano 2000 foi de 582,7 km, dos que 328,9 km corresponden á rede media presión "A" e 253,8km á rede media presión "B" (**cadro 3.2.11.**).

O 57,8% das vendas de gas diríxense ó mercado doméstico comercial, que acolle 325,7

Mtm, dirixíndose o 42,2% restante (238,1 Mtm) ó mercado industrial. No ano 2000, os ingresos por vendas de gas ascenderon a 3.170,9 millóns de pesetas.

**• Productos petrolíferos**

En relación á oferta de productos petrolíferos, o **cadro 3.2.12.** reflicte o movemento de crus e a obtención de produtos petrolíferos. En relación ós crus descargados, Galicia supón en torno ó 9,1% do total descargado, por diante de Canarias, Murcia e a C. Valenciana.

Os productos petrolíferos obtidos a partir do cru en Galicia representan o 9,5% do total de productos obtidos en España. Predomina a produción de gasóleos, que supón o 37,9% do total de productos obtidos en Galicia, seguido das gasolinás e os fuel óleos, co 21,3% e o 16,1%, respectivamente.

En canto á demanda de productos petrolíferos, o **cadro 3.2.13.** reflicte que o peso relativo do consumo de Galicia no total español é do 6,4%. Destacan, por unha banda, o peso relativo do consumo de gasóleos e fuel óleos, que representan un peso relativo do 8,1% e 6,5%, respectivamente, e por outra, a escasa importancia relativa do consumo do queroseno e dos asfaltos, co 1% e 0,01%, respectivamente. O devan-

**CADRO 3.2.12.**
*Movemento de crus e obtención de produtos petrolíferos nas CC.AA. 2000*

	Andalucía	Canarias	Castela - A Mancha	Cataluña	Comunidade Valenciana	Galicia	País Vasco	Murcia	Total España
(en miles de toneladas)									
<b>Crus descargados</b>	15.316	4.139	2.672	8.249	4.838	5.307	8.720	9.229	58.470
Nacionales	-	-	-	219	-	-	3	-	222
Importados	15.316	4.139	2.672	8.030	4.838	5.307	8.717	9.229	58.248
<b>Crus destilados</b>	15.218	4.092	6.993	8.095	4.782	5.256	8.567	3.556	56.559
<b>Productos obtenidos</b>	16.357	4.208	7.143	9.359	4.839	5.807	9.329	4.062	61.104
Gas refinado	434	104	277	85	170	212	262	68	1.612
Butano	302	56	97	156	53	205	78	63	1.010
Propano	145	18	62	39	56	59	85	34	498
Gasolinás	2.274	534	1.084	967	1.162	1.237	1.888	628	9.774
Querosenos	1.389	551	755	794	293	86	180	225	4.273
Gasóleos	5.081	1.153	2.571	2.600	1.853	2.202	3.685	1.449	20.594
Fuel óleos	4.576	1.466	758	1.541	891	934	2.344	924	13.434
Outros	2.156	326	1.539	3.177	361	872	807	671	9.909

Fonte: Ministerio de Industria y Energía

**CADRO 3.2.13.**
*Consumo de productos petrolíferos 1999-00*

1999						
	Gasolinás	Gasóleos	Querosenos	Fuel óleos	Asfaltos	Total
(en toneladas métricas)						
A Coruña	170.646	674.761	26.259	378.685	51	1.250.402
Lugo	58.504	313.623	1	30.725	-	402.853
Ourense	59.458	209.008	-	38.106	223	306.795
Pontevedra	157.025	596.621	8.975	102.736	-	865.357
<b>Total</b>	<b>445.633</b>	<b>1.794.013</b>	<b>35.235</b>	<b>550.252</b>	<b>274</b>	<b>2.825.407</b>
<b>Total España</b>	<b>8.138.624</b>	<b>21.588.582</b>	<b>4.059.367</b>	<b>7.587.999</b>	<b>1.189.186</b>	<b>42.563.764</b>
2000						
	Gasolinás	Gasóleos	Querosenos	Fuel óleos	Asfaltos	Total
(en toneladas métricas)						
A Coruña	155.566	683.700	28.792	302.621	-	1.170.679
Lugo	54.528	305.549	-	30.854	-	390.931
Ourense	53.546	214.401	-	22.841	102	290.890
Pontevedra	146.004	599.132	12.149	83.783	-	841.068
<b>Total</b>	<b>409.644</b>	<b>1.802.782</b>	<b>40.941</b>	<b>440.099</b>	<b>102</b>	<b>2.693.568</b>
<b>Total España</b>	<b>7.738.678</b>	<b>22.222.365</b>	<b>4.252.376</b>	<b>6.735.306</b>	<b>1.142.870</b>	<b>42.091.595</b>

Fonte: Asociación Española de Operadores Petrolíferos

dito cadro indica que o consumo de gasóleos representa o 66,9% do total de productos petrolíferos consumidos en Galicia, sendo o consumo de fuel óleo o segundo en importancia co 16,3%

- **Indicadores empresariais**

O sector enerxético estaba composto, segundo o estudio de Ardán, por 118 empresas, que xeraron un VEB a custo de factores de 26.121 millóns de pesetas (o 2,2% do total xerado polas empresas galegas consideradas), sendo

o seu emprego medio de 17 traballadores por empresa. Cómpre salientar que neste subsector industrial non se inclúen empresas como Endesa ou Unión Fenosa, xa que, aínda que teñen unha importancia significativa en Galicia, teñen a súa razón social fóra da comunidade.

O grupo de actividades máis importante dentro deste subsector polo seu VEB a custo de factores é o de produción e distribución de enerxía eléctrica, onde as 42 empresas consideradas xeran un VEB de 11.757,44 millóns de

**CADRO 3.2.14.**

**Complexo electricidade, enerxía e auga 1999: actividades que comprende o grupo**

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
(en millóns de pesetas)						
Producción e distribución de enerxía eléctrica	42	36.668,08	11.757,44	7.446,35	106.053,76	12
Distribución de gas, combustible e auga	34	9.729,13	3.384,38	984,17	16.270,60	10
Extracción de hulla e lignito	2	16.248,74	9.769,41	3.073,35	42.180,38	334
Distrib. de carbón, miner., petról e pdtos. petr.	40	21.070,62	1.209,81	162,73	6.915,52	7
<b>Total</b>	<b>118</b>	<b>83.716,57</b>	<b>26.121,04</b>	<b>11.666,60</b>	<b>171.420,26</b>	<b>17</b>
<b>Peso do grupo no conxunto de empresas galegas</b>	<b>1,01%</b>	<b>1,41%</b>	<b>2,24%</b>	<b>3,35%</b>	<b>3,83%</b>	

Fonte: Ardán

**CADRO 3.2.15.**

**Complexo electricidade, enerxía e auga 1998-99: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB**

Núcleos	1998	1999	99/98
	(en millóns de pesetas)		%
A Coruña	14.559,96	12.350,26	-15,2
Santiago	2.842,05	3.297,55	16,0
Lugo	3.102,92	2.845,66	-8,3
Boiro	1.048,44	844,48	-19,5
Cee	777,70	732,33	-5,8
Muras	59,93	726,54	-
Ortigueira	605,59	725,52	19,8
Vigo	590,14	560,61	-5,0

Fonte: Ardán

**CADRO 3.2.16.**

**Evolución da actividad no complexo electricidade, enerxía e auga 1998-99:  
ingresos, custos e resultados**

	1998 (en millóns de pesetas)	%	1999 (en millóns de pesetas)	%	99/98
<b>Ingresos de explotación</b>	<b>69.220,16</b>	<b>100,00</b>	<b>83.716,57</b>	<b>100,00</b>	<b>20,9</b>
Consumo e outros gastos de explotación	41.820,59	60,42	57.595,54	68,80	37,7
Valor engadido bruto a custo dos factores	27.399,57	39,58	26.121,04	31,20	-4,7
Gastos de persoal	10.230,15	14,78	9.756,38	11,65	-4,6
Resultado económico bruto da explotación	17.169,43	24,80	16.364,66	19,55	-4,7
Amortizaciones	5.830,74	8,42	7.245,25	8,65	24,3
Resultado económico neto da explotación	11.338,69	16,38	9.119,40	10,89	-19,6
Resultado financeiro	-1.992,29	-2,88	-1.719,15	-2,05	13,7
Ingresos financeiros	740,80	1,07	871,19	1,04	17,6
Gastos financeiros	2.733,09	3,95	2.590,34	3,09	-5,2
Resultado de actividades ordinarias	9.346,40	13,50	7.400,25	8,84	-20,8
Resultado de actividades extraordinarias	-864,36	-1,25	-732,89	-0,88	15,2
Resultado antes de impostos	8.482,05	12,25	6.667,36	7,96	-21,4
Impostos	2.443,41	3,53	2.097,44	2,51	-14,2
Resultado neto do exercicio	6.038,64	8,72	4.569,92	5,46	-24,3
Cash-flow	11.741,12	16,96	11.666,60	13,94	-0,6

Fonte: Ardán

**CADRO 3.2.17.**

*Evolución do investimento e do financiamento no complexo electricidade, enerxía e auga 1998-99*

	1998		1999		99/98
	(en millóns de pesetas)	%	(en millóns de pesetas)	%	
<b>Activo total</b>	138.643,67	100,00	171.420,26	100,00	23,6
<b>Activo fixo (neto)</b>	100.529,93	72,51	121.027,75	70,60	20,4
Gastos amortizables	1.250,07	0,90	1.840,13	1,07	47,2
Inmovilizado inmaterial	2.547,69	1,84	10.446,03	6,09	310,0
Inmovilizado material	79.518,99	57,35	85.438,54	49,84	7,4
Outro inmovilizado	17.201,17	12,41	23.298,54	13,59	35,4
Outro activo fixo	12,00	0,01	4,50	0,00	-62,5
<b>Circulante neto</b>	38.113,75	27,49	50.392,51	29,40	32,2
Existencias	3.235,53	2,33	3.143,30	1,83	-2,9
Debedores	21.586,02	15,57	31.124,22	18,16	44,2
Tesourería	5.296,61	3,82	4.487,59	2,62	-15,3
Outro activo circulante	7.995,59	5,77	11.637,40	6,79	45,5
<b>Fuentes de financiamento</b>	138.643,67	100,00	171.420,26	100,00	23,6
<b>Financiamento permanente</b>	108.128,26	77,99	133.336,66	77,78	23,3
Fondos propios	53.668,36	38,71	61.035,65	35,61	13,7
Recursos alleos I/p	49.090,07	35,41	66.674,22	38,90	35,8
Ingresos distribuidos en varios exercicios	5.369,83	3,87	5.626,79	3,28	4,8
<b>Acreedores a curto plazo</b>	30.515,41	22,01	38.083,60	22,22	24,8
<b>Fondo de rotación</b>	7.598,34	5,48	12.308,92	7,18	62,0

Fonte: Ardán

pesetas. Séguelle en importancia as dúas empresas pertencentes ó grupo de actividade extracción de hulla e lignito, que xeran un VEB cun valor de 9.769,41 millóns de pesetas. Entre ámbalas dúas actividades acaparan o 82,4% do VEB xerado polas empresas consideradas neste sector.

O principal núcleo de localización das empresas segundo o seu VEB xerado foi A Coruña, con 12.350,3 millóns de pesetas (o 47,3% do subsector enerxético), a pesares de experimentar un descenso no seu VEB xerado do 15,2% respecto ó ano anterior. Séguelle en importancia Santiago, con 3.297,6 millóns de pesetas, un 16% máis que no ano precedente.

Tan só 3 dos oito municipios con maior VEB xerado dentro do sector enerxético (**cadro 3.2.15.**) experimentaron un crecemento da devandita variable, salientando o caso de Muras, que presenta en 1999 un VEB total de 726,5 millóns de pesetas, fronte ós 59,9 millóns de pesetas do ano anterior.

A conta de explotación agregada das 118 empresas do subsector enerxético, **cadro**

**3.2.16.**, amosa que no ano 1999 rexistrouse un descenso do seu resultado neto do exercicio do 24,3% para situarse nos 4.569,9 millóns de pesetas. Asemade, amosa que o resultado antes de impostos descendeu un 21,4%, situándose nos 6.667,4 millóns de pesetas, e que o resultado de actividades ordinarias caeu un 20,8% ata os 7.400,3 millóns de pesetas.

No ano 1999 prodúcese un descenso unha caída do VEB a custo de factores do 4,7% respecto ó ano precedente, polo que dado o crecemento dos ingresos de explotación, o peso relativo do VEB descende dende o 39,6% de 1998 ata o 31,2% do ano 1999. Asemade, o devandito cadro reflicte un descenso dos gastos financeiros (-5,2%), e dos gastos de persoal (-4,6%).

En relación ó estudio do balance agregado das empresas deste sector, o **cadro 3.2.17**, amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 24,4% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 12.308,9 millóns de pesetas, un 62% superior ó existente o ano anterior. O 75,6% restante está financiado polos acreedores a curto plazo. No concernente ás fontes de

**CADRO 3.2.18.****Complexo electricidade, enerxía e auga 1998-99: estudio económico-financeiro****Indicadores do nivel de actividade e resultados sobre ingresos de explotación**

Crecemento dos ingresos		V.E.B.c.f. / ingresos		Gastos persoal / ingresos		Rtdo. ec. n. explotac. / ingresos		Carga financeira / ingresos		Cash-flow / ingresos	
Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
%											
1999	7,34	10,22	28,45	24,18	6,70	15,92	3,33	3,25	0,77	0,93	6,71
1998	1,38	11,50	28,64	23,97	8,02	16,24	5,65	3,25	1,04	1,08	6,63
											3,17

**Rendibilidade e magnitudes asociadas**

Rendibilidade económica		Marxe		Rotación de activos		Rendibilidade financeira antes de impostos		Coste neto da débeda		Coeficiente de endebedamento	
Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega	Empresa do sector	Empresagalega
%											
1999	6,09	6,67	4,91	3,50	1,48	1,88	13,88	18,11	1,71	2,24	1,65
1998	9,21	6,48	6,06	3,47	1,48	1,84	20,11	16,77	2,07	2,53	1,67
											2,56

Fonte: Ardán

financiamento, o 77,8% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que crecen un 13,7% respecto ó ano anterior, suponen o 35,6% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 35,8%, cun peso relativo do 38,9% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 171.420,3 millóns de pesetas, un 23,6% superior ó valor de 1998, dos que 121.027,8 millóns de pesetas corresponden ó activo fixo neto (un 20,4% superior respecto ó ano anterior). Os 50.392,5 millóns de pesetas restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 32,2% en relación a 1998.

No que ó estudio económico e financeiro se refire, o **cadro 3.2.18.** reflicte unha importante aceleración no ritmo de crecemento dos ingresos (1,4% en 1998 e 7,3% en 1999), un lixeiro descenso respecto ós ingresos do VEB, un descenso do peso relativo dos gastos de persoal e unha reducción da carga financeira. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é 2,9 puntos porcentuais inferior, ó contrario do que acontece coa evolu-

ción do VEB sobre os ingresos, que é 4,3 puntos porcentuais superior.

As rendibilidades económica e financeira antes de impostos descenden no ano 1999. A primeira por mor da evolución seguida pola marxe de actividade, e a segunda pola evolución seguida pola rendibilidade económica, xa que o custo da débeda descende neste ano.

**Bens intermedios**

Tendo en conta os criterios de selección considerados polo Ardán, o subsector industrial de bens de intermedios, composto polos subsectores de minerais non metálicos, productos químicos e derivados e a industria auxiliar, comprende un total de 637 empresas, o que representa o 6% do total das empresas consideradas. En conxunto, estas empresas xeraron un VEB a custo de factores de 99.605,7 millóns de pesetas en 1999, o 8,5% do VEB total xerado polas empresas galegas consideradas, sendo o seu emprego medio de 27 traballadores por empresa segundo os datos por elas mesmas facilitados.

Atendendo ós tres grandes subsectores que comprende o grupo, o máis importante, segundo

**CADRO 3.2.19.**

**Sector de bens intermedios 1999: actividades que comprende o grupo**

	Empresas	Ingresos de explotación	V.E.B. c.f.	Cash-flow	Activo total	Emprego medio
(en millóns de pesetas)						
Minerais non metálicos	172	81.292,80	31.983,77	10.631,21	94.849,31	35
Productos químicos e derivados	173	158.671,66	22.860,30	5.130,17	81.569,27	21
Industria auxiliar	292	205.627,07	44.761,59	15.011,16	146.713,12	26
<b>Total</b>	<b>637</b>	<b>445.591,53</b>	<b>99.605,65</b>	<b>30.772,55</b>	<b>323.131,69</b>	<b>27</b>
Peso do grupo no conxunto de empresas galegas	6,03%	7,52%	8,54%	8,85%	7,21%	

Fonte: Ardán

**CADRO 3.2.20.**

**Sector de bens intermedios 1998-99: principais núcleos de localización en base á xeración do VEB**

Núcleos	1998	1999	99/98
(en millóns de pesetas)			
O Porriño	13.195,42	15.048,29	14,0
Narón	9.819,52	12.362,02	25,9
Vigo	8.479,35	8.870,68	4,6
Carballo	5.686,49	6.592,01	15,9
Barco de Valdeorras	5.633,35	5.542,67	-1,6
A Coruña	5.025,37	5.198,81	3,5
Arteixo	3.383,13	4.100,95	21,2
Padrón	2.373,13	3.037,47	28,0

Fonte: Ardán

as variables consideradas no **cadro 3.2.19.**, é o da industria auxiliar, que acolle un total de 292 empresas (o 45,8% das empresas de bens intermedios) e que xeran o 46,1% do total dos ingresos de explotación e o 44,9% do valor engadido bruto a custo de factores do subsector industrial bens intermedios.

O Porriño e Narón son os principais núcleos de localización das empresas segundo o VEB xerado, con 15.048,3 millóns de pesetas e 12.362 millóns de pesetas, respectivamente. Este VEB xerado nestes municipios representa, en conxunto, o 27,5% do VEB xerado polas empresas englobadas no subsector industrial de bens intermedios.

A conta de explotación agregada das empresas deste subsector, **cadro 3.2.21.**, amosa que no ano 1999 presentaron un crecemento do seu resultado neto do exercicio e do resultado antes de impostos lixeiramente superior ó 5%, acadando, en termos absolutos, 18.278,6 e 26.649,2 millóns de pesetas, respectivamente. O

resultado de actividades ordinarias medrou un 7,1% para acada-los 25.885,9 millóns de pesetas.

O crecemento do VEB no ano 1999 foi do 12,5%, 3,4 puntos menos que o que o fan os ingresos de explotación, polo que o peso relativo do VEB descende dende o 23% de 1998 ata o 22,4% do ano 1999. Asemade, o devandito cadro reflicte un descenso do resultado financeiro (-3,5%), xa que os ingresos financeiros redúcense un 16,2% e os gastos caen un 4,6% respecto ó ano anterior.

En relación ó estudio do balance agregado das empresas deste sector, o **cadro 3.2.22.**, amosa que, en termos relativos, o financiamento permanente cubre a totalidade do activo fixo neto e un 21,8% do circulante neto, acadando un fondo de rotación de 42.913,9 millóns de pesetas, un 6% inferior ó existente o ano anterior. O 78,2% restante está financiado polos acreedores a curto prazo. No concernente ás fontes de financiamento, o 52,3% corresponde ó financiamento permanente, onde os fondos propios, que

**CADRO 3.2.21.****Evolución da actividade no sector de bens intermedios 1998-99:  
ingresos, custos e resultados**

	1998		1999		99/98
	(en millones de pesetas)	%	(en millones de pesetas)	%	
<b>Ingresos de explotación</b>	384.482,05	100,00	445.591,53	100,00	15,9
<b>Consumo e outros gastos de explotación</b>	295.972,16	76,98	345.985,88	77,65	16,9
<b>Valor engadido bruto a custo dos factores</b>	88.509,89	23,02	99.605,65	22,35	12,5
<b>Gastos de persoal</b>	48.433,12	12,60	56.051,52	12,58	15,7
<b>Resultado económico bruto da explotación</b>	40.076,77	10,42	43.554,13	9,77	8,7
<b>Amortizácións</b>	12.242,92	3,18	13.878,72	3,11	13,4
<b>Resultado económico neto da explotación</b>	27.833,85	7,24	29.675,41	6,66	6,6
<b>Resultado financeiro</b>	- 3.661,78	-0,95	- 3.789,56	-0,85	-3,5
Ingresos financeiros	2.555,02	0,66	2.141,92	0,48	-16,2
Gastos financeiros	6.216,79	1,62	5.931,49	1,33	-4,6
<b>Resultado de actividades ordinarias</b>	24.172,08	6,29	25.885,85	5,81	7,1
<b>Resultado de actividades extraordinarias</b>	1.135,28	0,30	763,39	0,17	-32,8
<b>Resultado antes de impostos</b>	25.307,35	6,58	26.649,24	5,98	5,3
<b>Impostos</b>	7.936,83	2,06	8.370,62	1,88	5,5
<b>Resultado neto do exercicio</b>	17.370,52	4,52	18.278,62	4,10	5,2
<b>Cash-flow</b>	28.422,09	7,39	30.772,55	6,91	8,3

Fonte: Ardán

crecen un 12,1% respecto ó ano anterior, suponen o 42,3% do financiamento total. Os recursos alleos a longo prazo medraron un 15,6%, cun peso relativo do 8,8% no total das fontes de financiamento.

En termos absolutos, o activo total ascendeu a 323.131,7 millóns de pesetas, un 17,4% superior ó valor de 1998, dos que 126.119 millóns de pesetas corresponden ó activo fixo neto (un 22% superior respecto ó ano anterior). Os 197.012,7 millóns de pesetas restantes corresponden ó circulante neto, que medrou un 14,7% en relación a 1998.

No que ó estudio económico e financeiro se refire, o **cadro 3.2.23.** reflicte unha desaceleración no ritmo de crecemento dos ingresos, unha caída respecto ós ingresos do VEB e do peso relativo dos gastos de persoal e unha redución da carga financeira. Comparado coa evolución seguida polo conxunto das empresas galegas, o crecemento dos ingresos deste sector económico é lixeiramente inferior (0,3 puntos porcentuais), ó contrario do acontecido no caso da evolución do VEB sobre os ingresos que é 2,7 puntos porcentuais superior.

As rendibilidades económica, 7,47%, e financeira antes de impostos, 18,29%, descenden no ano 1999. A primeira, por mor da evolu-

ción seguida pola marxe de actividade e da rotación de activos, e a segunda pola evolución seguida pola rendibilidade económica e a redución do custo da débeda. A pesares destes descensos, o devandito **cadro 3.2.23.** amosa que as rendibilidades económica e financeira son superiores ás rexistradas polas 10.572 empresas galegas analizadas por Ardán, consideradas no seu conxunto.

Dentro destas industrias salienta a importancia da industria extractiva (capítulo 68, manufacturas de pedra, xeso, cemento, amianto, mica ou materias análogas) para a economía galega. Este capítulo se converte no cuarto capítulo exportador de Galicia, cun importe de 52.500 millóns de pesetas no ano 2000 (o 3,8% do total das exportacións galegas e o 32,9% do total das exportacións de semimanufacturas). Atendendo á desagregación por provincias, destaca por riba de todas a provincia de Ourense que aporta o 58,8% do total das exportacións do capítulo 68.

Segundo o criterio de selección de empresas de Ardán, esta industria (lousa, granito e outros minerais non metálicos) estaría composta por 172 empresas (1,6% do total de empresas consideradas) que producen o 2,7% do VEB a custo de factores (31.983,8 millóns de pesetas). En Galicia pódense distinguir dúas grandes

**CADRO 3.2.22.**

**Evolución do investimento e do financiamento  
